

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 11 DE ABRIL DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regulan os comités de ética da investigación en Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Concello do Pereiro de Aguiar e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para o financiamento e execución das obras do proxecto de mellora do saneamento do Pereiro de Aguiar (Ourense), así como a formalización da encomenda de xestión para o mantemento e a conservación das ditas obras, por un importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Nigrán para a execución da obra de melloras na ETAP de Nigrán. Nigrán (Pontevedra), clave OH.236.905, por importe dun millón cento corenta e tres mil oitocentos dous euros con cincuenta e sete céntimos (1.143.802,57 euros).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Guitiriz (Lugo) para a construción dun punto limpo no concello de Guitiriz (Lugo), por importe de douscentos noventa e nove mil douscentos setenta e sete euros con trece céntimos (299.277,13 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver nos anos 2013 e 2014 un programa de actuacións en materia de investigación lingüística, a través do Instituto da Lingua Galega, por importe de douscentos corenta e tres mil setecentos oitenta euros (243.780,00 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (25%), na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social e se procede á súa convocatoria por un importe de tres millóns sete mil oitocentos vinte e dous euros (3.007.822,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) para a realización das análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro do gando vacún de Galicia nas explotacións leiteiras, por un importe total de novecentos mil euros (900.000,00 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a Orde pola que se complementa o establecido na Orde do 27 de decembro de 2012, relativa á cantidade que cómpre transferir ao Consello da Avogacía Galega para atender os gastos de funcionamento e infraestrutura dos servizos de asistencia ao detido e defensa gratuítas certificados no ano 2010.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o anteproxecto de Lei do emprego público de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia en desenvolvemento do Plan AGORA, Agora Re-comercia 2010/2013.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a actividade da FEGAS.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre entregas e prezos do leite na situación actual (últimos datos consolidados febreiro 2013).

SANIDADE ESTABLECE UNHA REDE COORDINADA DE COMITÉS DE ÉTICA DE INVESTIGACIÓN CLÍNICA PARA DAR RESPONSA ÁS NECESIDADES ACTUAIS DE CONTROL E SEGUIMENTO DA INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA EN GALICIA

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou un decreto da Consellería de Sanidade polo que se regulan os comités de ética da investigación clínica en Galicia. Con esta medida, o Executivo galego pretende adaptar a norma autonómica de regulamento dos comités de ética de investigación tendo en conta o novo marco normativo nacional, establecendo unha rede coordinada de comités que dean resposta ás necesidades actuais de control e seguimento da investigación biomédica en Galicia.

Esta rede de comités permitirá, por un lado, aproveitar os anos de experiencia acumulada polo actual Comité ético de investigación clínica de Galicia (CEIC de Galicia), tanto nos aspectos técnicos da avaliación científica, ética e legal dos estudos como nos aspectos relativos á organización do traballo, e, por outro lado, dará maior axilidade na avaliación ao distribuír as funcións entre o comité autonómico e os comités territoriais.

As disposicións contidas neste decreto serán de aplicación no referente á ética da investigación biomédica, ás actividades de investigación que se desenvolvan en todos os centros sanitarios de titularidade pública ou privada, fundacións públicas, institutos de investigación sanitaria, axencias ou centros de investigación, así como calquera investigación biomédica e en ciencias da saúde que implique a participación en seres humanos ou a utilización de mostras biolóxicas de orixe humana ou datos de carácter persoal, e que se efectúe no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, con independencia da titularidade do centro ou institución en que se desenvolva.

Comité autonómico e comités territoriais

En consecuencia, co novo decreto créase o Comité autonómico de ética da investigación de Galicia, que vén substituír o actual CEIC de Galicia. Estará adscrito á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade e entre as súas funcións estará a avaliación e realización do seguimento dos ensaios clínicos con medicamentos ou produtos sanitarios e os estudos postautorización con medicamentos que vaian realizarse no seu ámbito de actuación.

O Comité autonómico estará formado por un mínimo de nove e un máximo de 25 membros. A súa composición deberá incluír, polo menos, catro persoas tituladas en Medicina (unha delas especialista en Farmacoloxía Clínica), dúas persoas tituladas en Farmacia (unha delas especialista en Farmacia Hospitalaria e outra que traballe no ámbito da atención primaria), unha persoa titulada en Enfermaría e dúas persoas alleas ás profesións sanitarias (unha delas titulada en Dereito e especialista na materia). Os membros do Comité serán designados pola conselleira de Sanidade por proposta da Secretaría Xeral Técnica.

Coa nova normativa hoxe aprobada polo Consello haberá, ademais, tres comités territoriais de ética da investigación, que serán os da Coruña-Ferrol; de Santiago-Lugo (corresponde ás áreas sanitarias de Santiago, Lugo, Cervo-Burela e Monforte); e de Pontevedra-Vigo-Ourense (corresponde ás áreas sanitarias do Salnés, Pontevedra, Vigo, Ourense e O Barco de Valdeorras).

Os comités territoriais terán unha composición multidisciplinar e estarán formados por un mínimo de nove e un máximo de 15 membros, de xeito que se asegure a súa independencia, competencia e experiencia na toma de decisións. A súa composición deberá incluír, polo menos, dúas persoas tituladas en Medicina, unha en Farmacia, outra en Enfermaría e outro en Dereito especialista na materia.

A XUNTA E A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL INVESTIRÁN 1,5 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DO SANEAMENTO DO PEREIRO DE AGUIAR

- *Prevese a finalización da estación de tratamento de augas residuais (Edar) do municipio, así como a mellora substancial da rede de saneamento existente*
- *O sistema tratará unicamente as augas residuais de orixe doméstica, mentres que as industriais seguirán tratándose na depuradora de San Cibrao*
- *As actuacións do convenio mellorarán a calidade das augas do encoro de Cachamuíña, así como o ecosistema hídrico do río Lonia*
- *O orzamento total para levar a cabo as actuacións ascende a 1.500.000 euros, dos cales un 80% proceden dos fondos Feder e un 20% da Xunta de Galicia*
- *O convenio, que entrará en vigor no momento da súa sinatura, non concluírá ata que se finalicen todas as actuacións que terán unha duración de 18 meses*
- *Para avaliar o cumprimento do convenio formarase una Comisión de Seguimento*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o concello do Pereiro de Aguiar e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para o financiamento e a execución das obras de mellora do saneamento do Pereiro de Aguiar, na provincia de Ourense, así como a formalización da encomenda de xestión para o mantemento e a conservación das ditas obras.

O conxunto de actuacións recollidas neste convenio permitirán finalizar a estación de tratamento de augas residuais (Edar) do municipio, así como mellorar de forma substancial a rede de saneamento existente. Unha vez rematadas as obras, as augas residuais de orixe doméstica do concello do Pereiro de Aguiar, que actualmente son conducidas para o seu tratamento á depuradora do polígono de San Cibrao, serán tratadas na nova depuradora, mentres que as de orixe industrial procedentes do parque empresarial do Pereiro seguirán depurándose en San Cibrao.

Con este proxecto conséguese un dobre obxectivo. Por unha banda, o novo sistema suporá o correcto tratamento das augas residuais mellorando os estándares de calidade no medio receptor, en especial o ecosistema hídrico do río Lonia e o embalse de Cachamuíña. Ademais, ao separar as augas residuais urbanas das industriais, reducirase de xeito significativo a cantidade de auga que ten que tratarse na Edar de San Cibrao, o cal permitirá unha maior eficiencia desta.

Financiamento do proxecto

O orzamento total para levar a cabo as actuacións previstas neste convenio ascende a máis de 1.500.000 euros. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), achegará o 80% do orzamento mentres que Augas de Galicia achegará o 20% restante.

INVESTIMENTO		
TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO - SIL (80%)	XUNTA DE GALICIA (20%)
1.500.000,00 €	1.200.000,00 €	300.000,00 €

A vixencia do convenio non concluírá ata que se finalicen todas as actuacións, que terán unha duración de 18 meses. As obras iniciaranse no segundo semestre de 2013.

Desenvolvemento das actuacións

En virtude do convenio autorizado hoxe, o proxecto será licitado e executado pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Ademais, formarase unha comisión de seguimento composta por representantes de Augas de Galicia, un representante da Delegación do Goberno en Galicia, un representante de Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e outro do concello. A esta comisión correspóndelle avaliar o cumprimento do convenio, interpretar o seu contido, informar sobre incidencias que xurdan na execución e propoñer solucións a posibles controversias.

Durante o período de actuacións, o Concello continuará sendo o responsable da xestión das augas residuais mentres que non se dean por concluídos os traballos. Unha vez rematadas as obras, notificarase a Augas de Galicia e será entregada ao Concello.

A partir de ese momento a Administración local farase cargo da xestión, mantemento e conservación da infraestrutura de depuración cunha duración indefinida, mentres que a Confederación Hidrolóxica Miño-Sil reservará para si as funcións de inspección e control.

OS VECIÑOS DE NIGRÁN DISPORÁN DE AUGA POTABLE DE MAIOR CALIDADE GRAZAS Á MELLORA DA ESTACIÓN DE TRATAMENTO (ETAP), NA CAL A XUNTA INVESTIRÁ 1,1 MILLÓNS DE EUROS

- *A ETAP está construída para tratar un caudal de 200 litros por segundo, pero nestes momentos presenta unha serie de limitacións que impiden que opere no seu óptimo punto de funcionamento*
- *Incorporarase unha liña de tratamento de lodos que permita a redución do seu volume mediante deshidratación*
- *O concello de Baiona tamén se verá beneficiado por esta actuación, xa que en momentos de forte seca é necesario complementar o recurso do encoro de Baiña con auga proveniente da rede de abastecemento de Nigrán*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo de colaboración técnico-financieira co concello pontevedrés de Nigrán para levar a cabo obras de mellora na estación de tratamento de auga potable (ETAP) deste municipio. Esta actuación contará cun orzamento de 1,1 millóns de euros.

A ETAP está construída para tratar un caudal de 200 litros por segundo, pero nestes momentos presenta unha serie de limitacións que impiden que esta opere no seu óptimo punto de funcionamento. As obras teñen como obxectivo garantir que a instalación incremente o seu rendemento e, ademais, incorporar unha liña de tratamento de lodos que permita a redución do seu volume mediante deshidratación.

O Concello de Nigrán abastécese do encoro de Zamáns a través dunha conducción que leva a auga á estación de tratamento de auga potable (ETAP). Esta alimenta o depósito de Nigrán, de 15.000 metros cúbicos, situado nas inmediacións desta instalación, e mediante unha impulsión ao depósito de Priegue, de 1.800 m³.

En distintos períodos do ano, debido ás elevadas concentracións de sólidos en suspensión, prodúcese unha sobrecarga do sistema de depuración que se traduce nunha colmatación máis rápida dos filtros de area. Esta acelerada saturación dos filtros comporta un aumento do número de fases de lavado co conseguinte descenso da capacidade de produción de auga potabilizada. Neses momentos a ETAP non é capaz de asimilar o caudal para o cal foi dimensionada, e supón ademais un elevado aumento dos gastos de explotación.

O concello de Baiona tamén se verá beneficiado por esta actuación, xa que en momentos de forte seca é necesario complementar o recurso do encoro de Baiña

con auga proveniente da rede de abastecemento de Nigrán. Este incremento da necesidade de potabilización de auga coincide cos momentos en que a calidade da auga da orixe limita a capacidade de produción, polo que esta obra aumenta a garantía dun abastecemento en cantidade e calidade a estes dous concellos do Val Miñor.

A XUNTA INVESTIRÁ 300.000 EUROS NO PUNTO LIMPO DE GUITIRIZ, QUE SE CONVERTERÁ NO NÚMERO 139 DOS CONSTRÚIDOS EN GALICIA

- *A instalación permitirá o depósito e clasificación daqueles residuos urbanos ou domésticos que requiran dunha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade*
- *A iniciativa estende e reforza a rede de puntos limpos municipais financiados pola Xunta que, con esta nova infraestrutura, constará de 139 instalacións, 130 rematadas e as 9 restantes en fase de proxecto, licitación ou construción*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Guitiriz para a construción dun punto limpo neste municipio lugués.

Esta actuación, para a cal o Goberno galego achega un importe de preto de 300.000 euros, enmárcase no desenvolvemento do Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020. A iniciativa estende e reforza a rede de puntos limpos municipais financiados pola Xunta que, con esta nova infraestrutura, constará de 139 instalacións, 130 rematadas e as 9 restantes en fase de proxecto, licitación ou construción.

O futuro punto limpo de Guitiriz permitirá o depósito e a clasificación daqueles residuos urbanos ou domésticos que requiran dunha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade.

Entre os obxectivos fundamentais desta infraestrutura, están os de separar os residuos xerados nos fogares que representen un risco para o ambiente ou a saúde; evitar a vertedura incontrolada de entullos e residuos voluminosos como mobles ou electrodomésticos, e facilitar a recuperación dos recursos contidos nos residuos para a súa reciclaxe.

A parcela de instalación do punto limpo atópase estremando coa estrada provincial LU-P-2301 e cunha vía pública municipal, polo que, para a implantación da instalación tiveron en conta os recuamentos pertinentes con estas vías e coas parcelas estremeiras.

As obras que se van executar para a construción do punto limpo centraranse no movemento de terras; urbanización e axardinamento; colocación das instalacións xerais, oficina de recepción, almacén de residuos especiais; cerramento perimetral e porta de acceso; colectores e sinalización.

Obxectivos

Os puntos limpos permítenlles aos cidadáns o depósito de residuos para a súa posterior separación e clasificación, mellorando a loxística na xestión e posibilitando:

- Evitar a súa vertedura incontrolada e os conseguintes impactos sobre a saúde pública, a paisaxe e o ambiente.
- Facilitar e abaratar os procesos de valorización de residuos (recuperación e reciclaxe), dando cumprimento ás exixencias europeas en materia de xestión de residuos.
- Aproveitar os materiais contidos nos residuos reducindo o consumo de materias primas e recursos naturais.

CULTURA E EDUCACIÓN E O INSTITUTO DA LINGUA GALEGA RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio entre a Consellería e a USC para darlle continuidade ao desenvolvemento de diferentes proxectos neste centro, entre os cales se encontra o remate da introdución e revisión dos materiais galegos para o Atlas Lingüístico da Península Ibérica*
- *Con este convenio o departamento dirixido por Vázquez Abad reafirma o seu compromiso coa actualización e modernización da lingua*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) renovarán a súa colaboración para a investigación da lingua galega a través da sinatura dun convenio que dará continuidade aos proxectos que nesta materia desenvolve o Instituto da Lingua Galega (ILG). O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace a este acordo, co que o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad reafirma o seu compromiso coa actualización e a modernización, así como coa elaboración de recursos terminolóxicos de cada sector e cada área, de xeito que se poidan satisfacer as necesidades lingüísticas que a sociedade demanda continuamente.

Neste marco está previsto que se rematen os traballos de edición e elaboración dos materiais galegos do *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* (ALPI). En concreto, revisarase e corrixirase o material transcrito e incorporárase á base de datos dos arquivos de imaxe para elaborar os mapas da cartografía completa dos materiais galegos e vincular os arquivos de imaxe aos rexistros de información. Estes traballos realízanse en colaboración cun equipo internacional de investigadores coordinado desde o Centro de Ciencias Humanas e Sociais do Consello Superior de Investigacións Científicas. Ademais da USC, participan na elaboración do ALPI a Universidade de Barcelona, o Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa, a Universidade Complutense de Madrid e a University of Western Ontario.

Outros proxectos

No marco do convenio, o ILG tamén dará continuidade aos proxectos que ten en marcha actualmente e cos cales a Secretaría Xeral de Política Lingüística xa viña colaborando. Entre eles atópanse a incorporación de novos textos á base de datos lexicográfica e ao Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG), así como a introdución de melloras nas posibilidades de consulta e a incorporación de 240 mapas completos do Atlas Lingüístico Galego (ALGa) e do Arquivo do Galego

Oral (AGO). No caso deste último proxecto avanzárase na transcripción e clasificación temática dos textos orais dialectais para desenvolver e completar a base de datos.

No que atinxe á investigación sobre o galego medieval, seguirase apoiando a edición crítica da colección diplomática de documentos galegos medievais do mosteiro de Santa María de Montederramo e do cisterciense de Santa María de Oia (Pontevedra), unha liña de investigación a través da cal se intenta localizar todos os documentos pertencentes a este fondo, coa intención de completar a súa primeira lectura e de achegar a dita información na futura publicación deste corpus.

Por outra banda, avanzárase nos traballos arredor do proxecto Corpus Romance da Galicia Medieval e, coa súa explotación e mantemento, do Tesouro Informatizado Medieval da Lingua Galega (TIMLG), corpus documental informatizado baseado en textos medievais, dispoñible na rede desde o ano 2004.

Tamén se realizarán labores de arrequentamento da Biblioteca dixital da Galicia Medieval (BGM), á cal se incorporarán novas obras e coleccións documentais aparecidas (Historia troiana, novos Documentos antigos de Galicia, Tombo vello da Catedral de Lugo, etc) e serán revisadas obras xa procesadas para mellorar a súa codificación.

Un referente na investigación lingüística

O ILG é un centro de investigación de recoñecido prestixio na súa contribución ao desenvolvemento da investigación científica sobre a lingua galega. Os seus traballos, centrados na lexicografía, na xeografía lingüística e na dialectoloxía, na onomástica, na fonética, na gramática, na sociolingüística e na historia da lingua supoñen uns recursos imprescindibles no campo filolóxico e lingüístico que dan resposta ás necesidades do conxunto da sociedade e á consulta e utilización de investigadores ou de público en xeral.

Para realizar os traballos de investigación do ILG, a Xunta e a USC colaboraron durante os anos 1987 e 1991, e a partir de 1994 fixérono ininterrompidamente. En recoñecemento ao frutífero labor desenvolvido por este instituto de investigación a prol da lingua galega nos últimos corenta anos, a Xunta concedeulle en 2011 a Medalla de Ouro de Galicia, a máxima distinción outorgada polo Goberno galego.

Ademais do ILG, a Consellería de Educación apoia tamén o labor doutros organismos referentes que traballan a prol da lingua galega. É o caso da Real Academia Galega e do Consello da Cultura Galega, entidades coas cales a Xunta reafirmou nos últimos días a súa colaboración a través de convenios.

BENESTAR DESTINA MÁIS DE 3 MILLÓNS DE EUROS PARA MANTER UNHAS 2.700 PRAZAS EN ESCOLAS INFANTÍS DE INICIATIVA SOCIAL

- *Os destinatarios destas axudas son aquelas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais*
- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta liña de axudas, que será publicada no Diario Oficial de Galicia dentro dos próximos 15 días*
- *As axudas cobren custos de persoal, de alimentación e outros gastos xerais de mantemento*
- *As escolas que reciben subvención deben adaptar os seus prezos aos máximos establecidos na normativa dos centros de titularidade pública*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano 2013 máis de 3 millóns de euros para manter unhas 2.700 prazas en escolas infantís xestionadas por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta liña de axudas, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* dentro dos próximos 15 días

Os destinatarios destas subvencións son aquelas entidades que estean inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais. Trátase dunha orde de concorrencia competitiva.

Para presentarse deberán cumprir, entre outros, criterios como adaptar as tarifas ás contías máximas dos prezos dos centros de titularidade pública, ou prestar servizos cinco días á semana durante todo o ano, agás festivos sinalados ou salvo causa xustificada.

Estas axudas ocúpense de sufragar custos de persoal, de alimentación, así como outros gastos xerais de mantemento. A convocatoria prevé tamén a concesión dun anticipo de ata o 25 por cento cando o importe da axuda supere os 18.000 euros. Se non supera esta cantidade, o anticipo poderá chegar ata o 80 por cento.

Esta liña de axuda complementa a oferta da rede pública dependente do Goberno galego, xa que presta o seu servizo nas mesmas condicións que estes centros.

O Goberno galego ten marcado como obxectivo aumentar as prazas para nenos e nenas de 0-3 anos como unha das principais medidas para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar. É, ademais, un dos obxectivos fixados no Plan de dinamización demográfica aprobado o pasado venres no Parlamento galego.

Ao longo da lexislatura anterior creáronse 3.000 prazas en escolas infantís. E, de feito, na convocatoria do curso 2012/2013 ofértanse 8.267 prazas na rede pública, 406 máis que o curso anterior.

En total, o número de prazas 0-3 sostidas con fondos públicos este curso supera as 19.000, xa que a estas prazas da Xunta súmanse as de escolas municipais, de entidades de iniciativa social (da orde que se aproba hoxe) e arredor de 1.000 prazas de cheque infantil.

A REALIZACIÓN DE MÁIS DUN MILLÓN DE MOSTRAS DE LEITE ANUAIS PERMITIRÁ AVANZAR NA MELLORA XENÉTICA DO GANDO FRISÓN DE GALICIA

- *A Consellería do Medio Rural e do Mar destina 900.000 euros para a realización de análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro do gando vacún de Galicia a través dun convenio co Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL)*
- *O obxecto desta colaboración na realización de análises é a obtención de datos para avaliar xeneticamente os reprodutores e poder desenvolver o Programa de mellora xenética de frisón de Galicia*

A realización de máis dun millón de mostras de leite anuais permitirá avanzar na mellora xenética do gando frisón de Galicia. O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural e do Mar para asinar un convenio de colaboración co Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) para a realización das análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro do gando vacún de Galicia. O departamento que dirixe Rosa Quintana destina a esta acción 900.000 euros.

A través desta axuda financiaranse parcialmente as análises das mostras do control leiteiro oficial durante os anos 2013, 2014 e 2015; a cada ano corresponderá unha cantidade de 300.000 euros. O obxecto desta colaboración na realización de análises é a obtención de datos para avaliar xeneticamente os reprodutores e poder desenvolver o Programa de mellora xenética de frisón de Galicia. Este programa ten como fin pór á disposición dos gandeiros galegos material xenético de alta calidade producido en Galicia para obter animais máis selectos e eficientes na produción de leite e, deste xeito, mellorar a súa competitividade.

Nesta colaboración o LIGAL comprométese, entre outros aspectos, a realizar análíticas a un volume de máis dun millón de mostras de leite ao ano, recoller as mostras nos puntos establecidos por toda a xeografía galega cunha frecuencia mínima de tres días por semana e entregar á consellería un calendario cos días e puntos de recolla. Ademais, o LIGAL realizará informes sobre a calidade fisicoquímica do leite individual de todas as vacas en control leiteiro oficial de Galicia e ata un máximo de 10 controis por vaca e lactación.

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural e do Mar comprométese a facilitarlle ao LIGAL os datos das explotacións en control, así como as altas, baixas e cambios de titularidade que se produzan, a uniformizar os documentos de traballo dos estudos de mostras e outros empregados para unha maior operatividade na xestión de datos, a elaborar as instrucións para a toma de mostras e a realizar e actualizar o mapa de puntos de recolla en consenso co LIGAL.

A vixencia do convenio rematará o 31 de decembro de 2015, e poderá prorrogarse por mutuo acordo das partes por un ano máis; para o seu desenvolvemento constituirase unha comisión de seguimento integrada por un representante de cada parte asinante.

O LIGAL

É o laboratorio designado por decreto como entidade oficial para realizar as análises das mostras de leite dos controis leiteiros oficiais de todas as especies en Galicia e para colaborar coa Consellería do Medio Rural e Mar no control leiteiro de Galicia. Organiza a loxística da recolla e análise das mostras de leite e pon á disposición das asociacións provinciais de control leiteiro os datos obtidos para o seu posterior tratamento.

A XUNTA COMPLETA A TRANSFERENCIA AO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA QUENDA DE OFICIO

- *Trátase de algo máis de medio millón de euros*

O Consello da Xunta de hoxe deu luz verde a unha orde pola que se complementa a cantidade que cómpre transferir ao Consello da Avogacía Galega para atender os gastos de funcionamento e infraestrutura dos servizos de asistencia ao detido e defensa gratuítas certificados no ano 2010.

O decreto polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia establece que se determinarán anualmente as cantidades que deben percibir os colexios para atender estes gastos, que representan ata un 8 por cento do importe total devindicado durante o ano anterior.

O ano pasado tramitouse a Orde do 27 de decembro de 2012 na cal se fixou unha porcentaxe no 2,96 por cento. As limitacións orzamentarias dese momento non permitiron chegar ao 8 por cento, tal e como se fixo na orde equivalente relativa aos colexios de procuradores de Galicia.

Unha vez iniciado este exercicio económico, e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, a orde que se presentou esta mañá no Consello pretende complementar a porcentaxe fixada no anterior, de modo que se iguale a porcentaxe que se fixa para os colexios de avogados e para os colexios de procuradores por este concepto.

Para isto, publicarase en breve no *Diario Oficial de Galicia* esta nova orde na cal se establece que o importe que se vai transferir ao Consello de Avogacía Galega será dun 5,04 % do total certificado no ano 2010 polos sete colexios de avogados. Isto supón que a Xunta transferirá á avogacía galega algo máis de medio millón de euros, destinados aos gastos de funcionamento e infraestrutura dos servizos de asistencia xurídica gratuíta.

A LEI DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA ESTABLECERÁ UN MARCO COMÚN PARA TODAS AS ADMINISTRACIÓNS GALEGAS E PERMITIRÁ UNHA XESTIÓN MÁIS MODERNA E HOMOXÉNEA

- *A Xunta aprobará este ano a normativa e buscará o consenso cos sindicatos, a Fegamp e as tres universidades*
- *Será unha normativa estable, única e flexible para os empregados da Xunta, entidades locais galegas, persoal de administración das universidades e outros organismos públicos*
- *O persoal funcionario poderá acceder á carreira horizontal e as súas condicións laborais quedarán homoxeneizadas*
- *A normativa reduce a burocracia, simplifica a organización administrativa e mellora a mobilidade do persoal entre organismos e a calidade dos servizos públicos*
- *Incentívase o traballo do empregado público a través da valoración de méritos e o estímulo da súa formación e eficiencia*
- *Por primeira vez regúlase a figura do persoal directivo profesional, que será seleccionado exclusivamente por criterios de igualdade, mérito e capacidade*
- *Ata agora só dúas comunidades autónomas máis desenvolveron o Estatuto básico do empregado público*

A Lei do emprego público de Galicia establecerá un marco común e estable para todas as administracións públicas da Comunidade galega e permitirá unha xestión máis moderna e homoxénea eliminando lagoas normativas e contradicións coa lexislación básica. Galicia situarase na vangarda neste eido, posto que só dúas comunidades tiñan adaptado ata agora na actualidade o Estatuto básico do empregado público.

Así o establece un informe sobre o anteproxecto da Lei do emprego público, presentado hoxe ao Consello pola titular de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz. E unha norma que pretende mellorar a calidade dos servizos públicos e que será trasladada aos sindicatos antes da súa aprobación polo Executivo autonómico e posterior tramitación parlamentaria.

Entre as principais novidades está o ámbito de aplicación, xa que será unha normativa común para os traballadores de todas as administracións públicas galegas. Así, aplicarase aos empregados da Xunta, ás entidades locais galegas, ás entidades públicas instrumentais, vinculadas ou dependentes de ambas, ao persoal de administración das universidades galegas e a outros órganos, como o Consello Consultivo.

Ao mesmo tempo, a lei establece un marco estable, único e flexible para todos os traballadores públicos, xa que homoxeneiza as súas condicións laborais e facilita a xestión global dos seus efectivos, de modo que as administracións públicas poderán levar a cabo plans de ordenación dos recursos humanos. Tamén mellora a mobilidade do persoal entre organismos, con máis prazas abertas a persoal doutras administracións.

O Goberno galego iniciará unha fase de consultas cos sindicatos, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as universidades –parte do seu persoal estará incluído no ámbito de aplicación desta lei–, co obxectivo de acadar un consenso.

Carreira horizontal

Outra das novidades da normativa radica na aposta pola profesionalidade, establecendo a carreira horizontal do persoal funcionario. Os empregados públicos poderán optar a un ascenso de grao ou categoría profesional sen necesidade de cambiar de posto de traballo, a través da valoración de méritos e o estímulo da súa formación e eficiencia. A lei tamén unifica o réxime disciplinario e establece dereitos para as empregadas vítimas de violencia de xénero e para persoas con discapacidade psíquica.

Ademais, establécese a profesionalización das tarefas directivas e xerenciais coa introdución da figura do persoal directivo. A súa selección farase de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, de entre o persoal funcionario ou laboral que forma parte da Administración xeral.

Tamén se inclúen os procesos de funcionarización do persoal laboral fixo, o que permitirá un aforro no conxunto do persoal funcionario. Nesta liña establécense medidas que servirán para aumentar a polivalencia dos empregados, como a posibilidade de ocupar diferentes postos de traballo, e favorécese o incremento da produtividade incentivando a iniciativa e o esforzo dos empregados públicos.

No eido da eficiencia, redúcese a burocracia e simplifícase a organización administrativa co reforzamento das funcións de coordinación e de representación do persoal a través das mesas xerais de negociación dos empregados públicos. A normativa permitirá a adaptación á nova ordenación estatal e europea sobre estudos universitarios, así como a inclusión de novas agrupacións profesionais e a apertura de titulacións para corpos e escalas.

En canto ao contido do anteproxecto, a futura lei establece as distintas clases de persoal, a organización do emprego público, a adquisición da relación de servizo (tanto a selección dos funcionarios como a do persoal laboral), os dereitos e deberes individuais, os dereitos e deberes colectivos, as situacións administrativas, o réxime disciplinario e as especialidades do persoal das entidades locais.

Modernización

O impulso á futura Lei do emprego público representa unha aposta decidida pola modernización da función pública, posto que supón o desenvolvemento do Estatuto básico do empregado público (EBEP) do ano 2007. Deste xeito, adáptase a este toda a normativa que regula a función pública de Galicia.

Este cambio situará Galicia na vangarda de España, xa que a Administración do Estado aínda non procedeu a desenvolver o EBEP e unicamente dúas comunidades autónomas contan con leis de desenvolvemento xa aprobadas.

A XUNTA DESTINA 2,2 MILLÓNS PARA A DINAMIZACIÓN DOS CENTROS COMERCIAIS ABERTOS E DAS PRAZAS DE ABASTOS

- *O Goberno galego incrementa un 10% as axudas dentro da estratexia de impulso e protección do comercio de proximidade*
- *Os apoios máximos poden chegar ata os 40.000 euros no caso dos centros comerciais abertos e ata 9.800 para as asociacións das prazas de abastos*
- *Entre as actuacións subvencionables están a renovación de equipamentos, o desenvolvemento de campañas de dinamización ou a posta en marcha de sistemas de fidelización a través de servizos dirixidos aos clientes*

A Xunta de Galicia pon en marcha este ano unha nova convocatoria de axudas ás asociacións de comerciantes. O programa, do cal foi informado hoxe o Consello da Xunta, está dotado con 2,2 millóns de euros, o que supón un incremento do 10% con respecto ao exercicio anterior, permitindo a dinamización dos centros comerciais abertos e das prazas de abastos galegas e beneficiando máis de 5.000 pequenos comercios integrados neles.

Esta liña de axudas, que se publicará nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia*, forma parte da estratexia comercial do Goberno galego, centrada no impulso e protección do comercio de proximidade, no cal o fomento do asociacionismo comercial é un dos eixes principais.

A convocatoria potencia dúas figuras estratéxicas do comercio de proximidade con apoios que, para os centros comerciais abertos, poden chegar ata os 40.000 euros e ir desde o 70% do investimento subvencionable ata o 80%, dependendo da densidade comercial dos concellos en que están situados. Ademais, este ano prímase de xeito especial o fomento do seu autofinanciamento, valorando aqueles centros que buscan o seu propio financiamento a través da promoción do asociacionismo, a captación de socios e o aboamento de cotas.

Neste caso, impúlsase a importante actividade de dinamización do pequeno comercio que realizan os centros comerciais abertos, así como o funcionamento das súas unidades xerenciais. Deste xeito, poderanse solicitar axudas para o desenvolvemento de sistemas de promoción de vendas directas e atracción de consumidores, sinalización comercial, proxectos de creación ou posta en funcionamento de centrais de compras e servizos, a creación de redes de comunicación e a organización de xornadas técnicas e congresos.

No caso das asociacións das prazas de abastos, a porcentaxe de axuda é do 70% e a subvención poderá alcanzar un máximo de 9.800 euros. Impúlsase aquí a renovación de instalacións e equipamentos, o desenvolvemento de campañas de dinamización ou a posta en marcha de sistemas de fidelización a través de servizos dirixidos aos clientes.

Tanto os centros comerciais abertos como as asociacións de prazas de abastos que soliciten a axuda deberán presentar un informe dos seus proxectos de dinamización elaborado pola Mesa Local de Comercio do seu respectivo concello. Estes organismos que, están en marcha en toda a xeografía galega tras a súa creación na Lei do comercio interior de Galicia, son foros de participación do sector no ámbito local e serven para coordinar o traballo das asociacións coas administracións.

A través deste programa de axudas, o Goberno galego leva investidos nos últimos catros anos máis de 10 millóns de euros no impulso do comercio de proximidade, apoiando a actividade comercial como elemento dinamizador das vilas e cidades galegas. Deste xeito, os 52 centros comerciais abertos de Galicia e máis de 24 prazas de abastos téñense beneficiado desta liña que, so no último ano, lles facilitou o desenvolvemento de máis de 300 actuacións de dinamización comercial.

Así mesmo, e dentro da estratexia integral de apoio aos mercados galegos que está a desenvolver a Consellería de Economía e Industria, inclúense, ademais deste programa de axudas, iniciativas como as campañas “Este inverno presume de praceiro/a”, orientada á posta en valor do traballo destes profesionais, ou “A semana do teu comercio”, que pretende realzar o labor dos centros comerciais abertos destacando a importancia dos comercios máis lonxevos.

A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN SANITARIA REALIZOU MÁIS DE 500 ACTIVIDADES FORMATIVAS AO LONGO DO ANO 2012

- *Abordáronse actividades no plan de formación continuada, no plan estratéxico, así como nos campos da capacitación médica*
- *Os contidos do Itinerario de investigación accesibles en Youtube recibiron máis de 7.000 accesos e realizáronse máis de 2.000 reproducións desde dispositivos móbiles*
- *A Escola Galega de Saúde para cidadáns realizou máis de 240 actividades en toda Galicia ás cales asistiron un total de 4.047 cidadáns*

A Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria realizou ao longo do ano 2012 un total de 531 actividades formativas vinculadas a distintos plans e programas que favoreceron unha actualización e mellora na adquisición de contidos e competencias por parte dos profesionais do Sistema público de saúde de Galicia. Ademais, durante este ano formáronse a un total de 12.084 profesionais.

Neste sentido, abordáronse 256 actividades no plan de formación continuada; 130 cursos no plan estratéxico; así como 45 cursos nos campos da capacitación médica por medio da simulación médica avanzada, onde se formaron máis de 700 profesionais sanitarios; da profesionalización directiva, da cal se beneficiaron durante o período 2011-2012 uns 25 directivos e durante o 2012-2013 máis de 30; e da busca continua de novos formatos innovadores capaces de xerar contido aberto de alta calidade á disposición dos usuarios.

Innovación formativa

Doutra banda, os contidos do Itinerario de investigación accesibles en Youtube recibiron máis de 7.000 accesos desde a súa posta en marcha nesta canle –outubro 2012- ata final de ano, e realizáronse máis de 2.000 reproducións desde dispositivos móbiles.

O itinerario constrúese cun formato multimedia, vídeo + soporte documental, que pretende difundir coñecementos prácticos a través de pequenas pílulas formativas de 20-25 minutos de duración. O itinerario é unha ferramenta activa e aberta, na cal se irán incluíndo de forma continua pílulas de coñecemento, xornadas e conferencias. A información está accesible en formato libre, preténdese traballar cunha metodoloxía que poña a información á disposición dos profesionais cando e onde a necesiten.

Escola Galega de Saúde para Cidadáns

Ademais, a Escola Galega de Saúde para cidadáns realizou durante 2012 máis de 240 actividades en toda Galicia ás cales asistiron un total de 4.047 cidadáns e participaron como relatores un total de 259 profesionais.

A Escola está orientada á formación de pacientes, familias e cidadáns en materia de saúde para mellorar a toma de decisións nos seus procesos de saúde-enfermidade.

Estas actividades contaron con 13 foros con expertos, 69 cursos e 161 obradoiros. As temáticas abordadas nos foros centráronse en saúde mental, alzheimer, lupus e epilepsia, así como enfermidades raras, cancro, párkinson, ELA –esclerose lateral amiotrófica- e a enfermidade celíaca.

Doutra banda, nos cursos e obradoiros tratáronse temas como a violencia de xénero, mobilización e coidado en pacientes dependentes, envellecemento activo, hábitos de vida saudables ou afrontar a situación de dolo, entre outros.

Escola Galega de Administración Sanitaria

A Escola Galega de Administración Sanitaria é unha institución pública dedicada á formación, innovación e procura da excelencia profesional no ámbito das ciencias da saúde e da administración e xestión sanitaria.

A súa misión é o enriquecemento do capital humano dos servizos sanitarios mediante un proceso continuo de actualización de coñecementos en resposta ás variacións nas demandas sociais e á evolución dos sistemas sanitarios. Trátase de construír un espazo de intercambio de información acorde cos tempos, dinámico e de calidade, que sexa un valor de referencia para os profesionais ao servizo da sanidade pública galega.

O PREZO DO LEITE EN ORIXE MEDROU EN GALICIA EN MÁIS DE 4 CÉNTIMOS POR LITRO DESDE XULLO DE 2012, O QUE SUPÓN UN INCREMENTO DO 15%

- *Así o reflicte un informe da Consellería do Medio Rural e do Mar analizado hoxe polo Consello da Xunta*
- *Esta positiva evolución é consecuencia da entrada en vigor do chamado “paquete lácteo” e as actuacións da Xunta e da Administración central para vertebrar a cadea alimentaria e aumentar o poder negociador dos gandeiros*

O prezo do leite en orixe medrou en Galicia en máis de 4 céntimos por litro desde xullo de 2012, o que supón un incremento do 15%. Así o reflicte un informe da Consellería do Medio Rural e do Mar que analizou hoxe o Consello da Xunta e que confirma a evolución positiva deste indicador nos últimos meses. En febreiro de 2013 –último dato dispoñible–, o prezo do leite situouse na nosa Comunidade nos 32,66 céntimos, un dos máis altos dos acadados desde a crise do 2009.

Este feito é consecuencia da entrada en vigor en 2012 das medidas do chamado “paquete lácteo” e as actuacións da Xunta e da Administración Central, tendentes a vertebrar a cadea alimentaria e a aumentar o poder negociador do sector produtor.

O informe recolle tamén, como feito destacado, que por primeira vez en moito tempo se suaviza de maneira moi marcada a diferenza do prezo en Galicia respecto ao do resto de España, xa que baixa desde un diferencial de 2,85 euros/100 litros en setembro de 2012 a 1,35 euros/100 litros en febreiro de 2013. Isto representa unha redución do 52,6% neste diferencial.

España

O estudo analizado hoxe polo Goberno galego incorpora, ademais, información sobre a evolución do sector lácteo nos ámbitos nacional e internacional e constata, por exemplo, unha baixada da produción en toda España, agás en Castela-A Mancha, comunidade onde sobe. Esta diminución é moi acusada na zona Centro da península (o eixe Asturias-Castela e León-Estremadura-Andalucía e Madrid). Os prezos máis altos, que historicamente se viñan dando en Valencia, rexistráronse na Rioxa.